

Na Parte Voluntaria da proba cada estudante poderá examinarse dun máximo de 4 materias de entre aquelas que son obxecto de exame nesta parte da proba, agás aquela materia troncal de modalidade da que se examinou na Parte Obrigatoria da ABAU.

<b>PARTE VOLUNTARIA</b>			
<b>MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)</b>			
Artes Escénicas-	Deseño	Xeoloxía	
Bioloxía	Economía da Empresa	Hª da Filosofía	
Cultura Audiovisual II	Física II	Química	
Debuxo Técnico II	Grego II	Xeografía	
Hª da Arte			
<b>MATERIAS XERAIS TRONCAIS ESPECÍFICAS DE MODALIDADE (Materias distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba)</b>			
Artes: -Latín II, -Matemáticas II, -Matemáticas Aplicadas ás C.Sociais II.	Humanidades: -Fundamentos da Arte II, -Matemáticas II, -Matemáticas Aplicadas ás C.Sociais II.	Ciencias Sociais: - Latín II, -Matemáticas II, - Fundamentos da Arte II.	Ciencias: -Latín II, -Matemáticas Aplicadas ás C.Sociais II, -Fundamentos da Arte II.
<b>MATERIA OPTATIVA</b>			
Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) Nota: A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II			

Cada un dos exercicios da Parte Voluntaria da proba presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha e terá unha duración máxima de hora e media (90 minutos), establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios da Parte Voluntaria da proba, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Cualificación das materias da Parte Voluntaria**

Cada unha das materias será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco. Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco ( $\geq 5$ ) puntos.

**Terán validez** para o acceso á universidade **durante os dous cursos académicos seguintes á superación** destas; exemplo, para aqueles que as superen na convocatoria Ordinaria e Extraordinaria de 2019, a nota das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terá validez para o acceso á universidade nos cursos 2019-2020 e 2020-2021.